



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez e Antón Sánchez García, integrante, do **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na comisión VI**, relativa a situación regresiva en materia de produción industrial.

O noso país segue a perder forza en materia industrial. Os datos anuais do índice de produción industrial (IPI) feitos públicos polo INE sitúan a Galicia como o territorio onde máis caeu a produción industrial, un -3,4%.

Malia as visitas americanas do presidente e as promesas electorais de novos investimentos en sectores industriais, a realidade é que o sector afonda no seu retroceso. Incluso máis cando se establece unha comparativa coa media estatal que creceu moi pouco, pero algo, un 0,9%.

Dende que goberna Núñez Feijóo Galicia perdeu máis de cincuenta mil empregos industriais. A lei da política industrial semella estéril logo de non se ter desenvolvido regulamentariamente nin con plans industriais, malia permitir, ao arbitrio da Xunta, obviar trámites legais en materia administrativa e urbanística para os investimentos superiores aos 50 millóns de euros e que creen máis 250 postos de traballo directos. Na actualidade asistimos a unha xeira de desmantelamento industrial que compromete o futuro do país e lastra calquera recuperación económica.

O pulo as actividades industriais semella clave para acadar un cambio de modelo produtivo, que nos sitúe en condición de producir cun maior valor engadido, que supoña un elemento tractor dos investimentos en I+D+i e que achegue un tipo de emprego de mellores condicións salariais e laborais. Nembargantes nada desta inversión da dinámica industrial se está a producir; ao contrario.

Polo dito, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión:

- Que valoración, a poder ser de carácter crítico, realiza a Xunta dos datos de produción industrial publicados polo INE?
- Que compromisos de investimento e actividade industrial acadou o presidente na súa viaxe do entroido a América latina?
- Cantas iniciativas se desenvolveron no país ao abeiro dos chamados proxectos industriais estratéxicos?
- Que explica a parálise do anunciado plan director da industria de Galicia? Cantos programas de impulso da actividade industrial se están a desenvolver?
- Que medidas correctoras vai implementar a Xunta para corrixir esta deriva regresiva do sector industrial?

En Compostela, a 19 de febreiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Antón Sánchez García

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 19/02/2015 14:41:14

Anton Sánchez García na data 19/02/2015 14:41:20